



Expte: 896/2022

Contrato: Subministro de contenedores de materia orgánica, caldeiros biorresiduos, bolsas compostable e campaña de información, difusión e sensibilización á poboación, para a xestión de biorresiduos de competencia municipal no concello de Castro de Rei. (Consellería de medio ambiente, territorial e vivenda. Plan de recuperación, transformación e resiliencia)

Procedemento de adxudicación e regulación: Menor, artigos 118 e 131 da LCSP.

INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO MENOR E DEMÁIS REQUISITOS ESIXIDOS NO ARTIGO 118 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

No artigo 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP) está previsto respecto da adxudicación dos contratos das Administracións Públicas, o contrato menor regulado no artigo 118 do citado texto legal.

De conformidade co establecido no artigo 101 da LCSP o valor estimado nesta contratación ascende a catorce mil setecentos dez euros (14.710€), polo que procede a utilización da contratación menor dacordo co artigo 118.1 do citado texto legal.

Esta actuación inclúese dentro da Resolución do 13 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro) pola que se establecen as bases reguladoras para

a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, por anticipado de gasto, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K), para a realización da actuación denominada *Mellora da xestión dos biorresiduos no concello de Castro de Rei* por importe de trece mil douscentos trinta e nove euros (13.239,00 €), que desenvólvese nas seguintes anualidades:

-Anualidade 2022: Adquisición dos medios materiais (contenedores +caldeiros +bolsas compostables) por importe de 10.593€.

-Anualidade 2023: Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación (plan de traballo +xornadas de difusión +dípticos +guías biorresiduos) por importe de 2.646€.

Esta actuación encádrase dentro da Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalación específicas de tratamento biolóxico.

Dado que a adquisición dos medios materiais e a campaña de información, difusión e sensibilización á poboación supoñen unha actuación vinculada entre sí e complementaria, será licitada de maneira conxunta para a anualidade 2022, con independencia da súa financiación en dúas anualidades.

O artigo 18 da LCSP establece os contratos mixtos son aqueles e que conteñen



prestacións propias de dous o máis tipoloxías de contratos, contratos de servicios ou subministros, atenderase ó carácter da prestación principal.

No caso que nos ocupa existe subministro de contenedores, caldeiros e bolsas e servicios de campaña de información, difusión e sensibilización á poboación.

Como o maior valor estimado é o do subministro por importe de 11.770€, fronte o valor estimado de 2.940€ do servicio de información e difusión, e segundo o artigo 34 da LCSP establece que :

“Solo podrán fusionarse prestaciones correspondientes a diferentes contratos en un contrato mixto cuando esas prestaciones se encuentren directamente vinculadas entre sí y mantengan relaciones de complementariedad que exijan su consideración y tratamiento como una unidad funcional dirigida a la satisfacción de una determinada necesidad o a la consecución de un fin institucional propio de la entidad contratante.”

O artigo 118.2 da LCSP esixe que o órgano de contratación xustifique a necesidade do contrato e comprobe que non se altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado primeiro do citado artigo é dicir o valor estimado de 15.000€ para contratos de subministro e servicios.

Dacordo co artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local sinala que o municipio exercerá como competencias propias nas seguintes materias:” *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas*” e no artigo 26.1.b) *“Nos Municipios con población superior a 5.000 habitantes, ademáis: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.”*

Polo exposto anteriormente esta alcaldía considera que se da cumprimento ó establecido no citado artigo 118.2 da LCSP e xustifícase a utilización do procedemento de contratación menor polo importe estimado de 14.710€ (máis o 21% de IVE, que representa un importe de 3.089,10€), facendo un total de 17.799,10€.

Dado que a plataforma de contratos de Galicia non ten habilitado o procedemento necesario par dar publicidade ao contrato menor, procederase a cursar invitacións as empresas e ó envío dun anuncio no xornal de maior difusión para que poida presentarse calquera empresa interesada.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

